

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO CONCELLO DE XOVE

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do Concello de Xove 3s dez horas do d3a once de xu3no de dous mil once, en cumprimento do disposto nos artigos 195 e 196 da Lei org3nica 5/1985, do 19 de xu3no, do r3xime electoral xeral, e 37 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organizaci3n, funcionamento e r3xime xur3dico das entidades locais, e para o efecto de levar a cabo a constituci3n do novo Concello de Xove despois de ver os resultados das elecci3ns do d3a 22 de maio de 2011, para a renovaci3n da totalidade dos membros das corporaci3ns locais, re3nense os Sres. Concelleiros electos 3 marxe, asistidos polo secretario, que d3 fe do acto, e pola interventora municipais.

ASISTENTES

Concelleiros electos:

D. Jos3 Demetrio Salgueiro Rapa
D. Jos3 Manuel Gonz3lez 3lvarez
D^a Ana Mar3a Abad L3pez
D^a Mar3a Dolores Meitin Guerreiro
D^a Cristina Iglesias Guerreiro
D. Jos3 Manuel Balseiro Canoura
D^a M^a Rosario Balseiro L3pez
D. Manuel Angel Meitin Rouco
D. Marco L3pez L3pez
D. Jos3 Manuel L3pez Hermida
D. Alberto Santos V3zquez.

Secretario:

D. Lu3s Mar3a Fern3ndez del Olmo

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

FORMACI3N DA MESA DE IDADE

A continuaci3n, o secretario da corporaci3n, unha vez declarada aberta a sesi3n, le o artigo 195 da Lei org3nica 5/1985, do 19 de xu3no, do r3xime electoral xeral e, atendendo ao disposto nel, proc3dese a constitu3r a mesa de idade.

Para isto, o secretario chama a cada concelleiro electo para que acrediten a s3a personalidade.

A mesa de idade queda integrada por D. Alberto Santos V3zquez de 55 anos, concelleiro de maior idade, que a preside, e por D^a Cristina Iglesias Guerreiro de 28 anos, concelleira electa de menor idade.

COMPROBACI3NS PREVIAS 3 CONSTITUCI3N DO CONCELLO

Unha vez constitu3da a mesa de idade e xa que se tomaron as medidas precisas segundo o disposto no artigo 36.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo

que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, infórmase de que tanto Secretaría como Intervención puxeron á disposición dos señores concelleiros electos a documentación referente aos xustificantes das existencias en metálico e valores propios da corporación depositados na caixa municipal e noutras entidades bancarias, e tamén a documentación relativa ao inventario de bens da corporación.

Despois, o secretario da mesa procede a ler todas as credenciais acreditativas da personalidade dos concelleiros electos que lle foron entregadas e á comprobación destas.

Compróbase, a continuación, que todos os concelleiros electos formularon as declaracións referidas no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladoras das bases do réxime local, e o presidente da mesa de idade invita os concelleiros electos a que expoñan se lles afecta algunha causa de incompatibilidade sobrevida con posterioridade á súa declaración, sen que haxa ningunha manifestación por parte deles.

Tendo en conta que se cumpre a esixencia do artigo 195.4 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e do artigo 37.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e que concorre a esta sesión a maioría absoluta de concelleiros electos, procédese ao cumprimento do requisito legal previsto no artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, de prestar xuramento ou promesa.

ACTO DE XURAMENTO OU PROMESA

Despois de que o secretario do concello lea o artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, referido á toma de posesión dos concelleiros electos, procédese a nomear a todos os señores concelleiros electos para efectos de prestación do xuramento ou promesa.

O xuramento ou promesa realízase utilizando a fórmula prevista no Real decreto 707/1979, do 5 de abril, regulador da fórmula para a toma de posesión de cargos e funcións públicas: «Xuro ou prometo, pola miña conciencia e a miña honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do Excmo. Concello de Xove con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado».

A continuación, o secretario da corporación nomea a cada un dos concelleiros electos e le persoalmente a fórmula a cada un deles, que se manifestan da seguinte maneira:

- D. JOSE DEMETRIO SALGUEIRO RAPA (PP) [*xura*].
- D. JOSE MANUEL GONZÁLEZ ALVAREZ (PP) [*xura*].
- D^a ANA MARÍA ABAD LÓPEZ (PP) [*xura*].
- D^a MARÍA DOLORES MEITIN GUERREIRO (PP) [*promete*].
- D^a CRISTINA IGLESIAS GUERREIRO (PP) [*promete*].
- D. JOSE MANUEL BALSEIRO CANOURA (PP) [*promete*].
- D^a MARIA ROSARIO BALSEIRO LÓPEZ (PP) [*promete*].
- D^a MANUEL ANGEL MEITIN ROUCO (PP) [*promete*].
- D. MARCO LÓPEZ LÓPEZ (BNG) [*promete*].
- D. JOSÉ MANUEL LÓPEZ HERMIDA (BNG) [*promete*].
- D. ALBERTO SANTOS VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE) [*promete*].

Xa que se deu cumprimento ao disposto no artigo 195 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, ás dez horas e quince minutos, o presidente da mesa declara constituído o Concello de Xove despois das eleccións municipais do día 22 de maio de 2011.

ELECCIÓN DO ALCALDE

Posteriormente, o secretario do concello procede á lectura do artigo 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e á elección do Alcalde-presidente da corporación.

a) Proclamación de candidatos á alcaldía

Despois disto, o presidente da mesa de idade pregunta aos concelleiros que encabezan as listas se manteñen a súa candidatura a alcalde ou se a retiran. Estes maniféstanse no seguinte sentido:

- D. JOSE DEMETRIO SALGUEIRO RAPA (PP) manifesta que mantén a súa candidatura.
- D. MARCO LÓPEZ LÓPEZ (BNG) manifesta que mantén a súa candidatura.

— D. ALBERTO SANTOS VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE) manifesta que retira a súa candidatura.

Procédese logo a proclamar candidatos á alcaldía do concello de Xove ós Sres: D. José Demetrio Salgueiro Rapa, cabeza da lista presentada polo Partido Popular, e de D. Marco López López, cabeza de lista do B.N.G.

b) Elección do sistema de votación

Despois da proclamación dos candidatos, a pregunta da presidencia da mesa, por unanimidade dos seus membros, a Corporación opta polo sistema ordinario de votación, para elixir ó Alcalde.

Efectuada a votación, prodúcese o seguinte resultado:

- D. José Demetrio Salgueiro Rapa, candidato do Partido Popular obtén 8 votos dos concelleiros/as Salgueiro Rapa, González Álvarez, Abad López, Meitin Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López e Meitin Rouco.
- D. Marco López López, candidato do BNG obtén 2 votos, dos concelleiros López López e López Hermida.
- O concelleiro Santos Vázquez abstense.

En consecuencia e á vista dos resultados da votación, tendo obtido a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, o Presidente da mesa de idade, o presidente da mesa de idade procede, ás dez horas e trinta minutos, a proclamar alcalde-presidente da corporación a D. José Demetrio Salgueiro Rapa, cabeza de lista do PARTIDO POPULAR.

TOMA DE POSESIÓN

A continuación, de conformidade co artigo 18 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e co artigo 40.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, D. José Demetrio Salgueiro Rapa utilizando a fórmula prevista no Real decreto 707/1979, do 5 de abril manifesta : «Xuro pola miña conciencia e a miña honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de alcalde-presidente

do Concello de Xove con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado».

Despois de realizar o xuramento D. José Demetrio Salgueiro Rapa pasa a ocupar a presidencia da sala, disolvéndose a mesa de idade.

A continuación, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, alcalde-presidente, manifesta en primeiro lugar, o seu agradecemento a todos e cada un dos veciños de Xove que depositaron a súa confianza na candidatura do Partido Popular, manifestando que asume a enorme responsabilidade que supón ser Alcalde do Concello de Xove, e que por suposto gobernará para todos e cada un dos veciños, estando desde este mesmo momento ó dispor de todos eles, e de tódolos membros da Corporación.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde-Presidente sinalando que os obxectivos fundamentais da acción de goberno durante os próximos 4 anos será seguir mellorando as infraestruturas e os Servizos Públicos, e sobre todo intentar paliar a lacra do paro, fundamentalmente no que afecta ós xovenes, recoñecendo que nuns momentos de crise, esixirán un traballo e unha dedicación absolutas.

Polo Sr. López López dáse lectura o escrito que a seguir se transcribe:” *Vou falar por vez primeira aquí, no pleno co que dá comezo a nova lexislatura, e a miña intervención será moi breve. Poderíamos analizar polo miúdo o que foi, o que puido ser, o que é e mais o que nos deparará a actual situación política de Xove. Pero no BNG somos xente respectuosa, somos xente educada, e por iso só falarei do que verdadeiramente nos importa: o futuro. Vou ser conciso, aínda que me vou dirixir a toda a corporación no seu conxunto.*

Neste tempo de profundas dificultades para outros, un concello coma o noso ten a obriga de buscar a excelencia. Non podemos conformarnos coa mediocridade. Non é suficiente con intentalo. Temos que ser capaces de innovar. Temos que ser brillantes. Somos un concello privilexiado, un municipio con enormes posibilidades e medios. Así a todo, agás Xove “capital”, as nosas parroquias están esmorecendo. Estamos obrigados a ser máis ambiciosos na xestión pública e pasar dun goberno que unicamente reparte a un executivo que governe de verdade.

Teñen vostedes dúas opcións a desenvolver durante estes catro anos tras a confianza que o noso pobo depositou na súa candidatura: aproveitarse ou aproveitala (a confianza, digo). Son dúas accións que se asemellan, pero no fondo son moi diferentes. De feito no vindeiro pleno, no que se decidirán as dedicacións exclusivas e

mais os soldos que percibirán os cargos políticos do goberno municipal, poderemos observar cal vai ser o camiño que vostedes van elixir: se optarán pola austeridade e velarán polos intereses dos veciños ou, en cambio, poñerán por diante o beneficio do seu partido e as súas propias comenencias particulares. De todos os xeitos calquera das dúas opcións serán lexítimas xa que o pobo falou e deulles carta branca, que esa é a única utilidade que teñen as maiorías absolutas.

O noso grupo, o grupo municipal do BNG, sabe distinguir moi ben que unha cousa é ser un sabio (destes háichevos moi poucos) e outra moi diferente é ser un sabido ou un sabichón (estes son os que nunca se trabucan e mais os que pensan que son máis listos que os demais). Por iso, porque o temos claro, a nosa posición será a que vimos desenvolvendo desde bastante antes de entrarmos en política: escoitar a todo o mundo.

Desexámoslles a todos vostedes moita sorte para a vindeira lexislatura. É un desexo sincero do noso grupo, do Bloque Nacionalista Galego. Moitas grazas.

Polo Sr. Santos Vázquez felicítase ó Sr. Alcalde e o seu grupo, sinalando que ten a súa colaboración para todo aquilo que supoña un beneficio para os veciños de Xove.

Seguidamente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, alcalde-presidente, dá por rematada a sesión ás dez horas e corenta e cinco minutos, do que, como secretario, dou fe.

Asdo.: Luís M. Fernández del Olmo

Asdo.: José Demetrio Salgueiro Rapa